



# **INSTRUCCIÓN DE PAGO**

## **ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE VERÁN**

### **OCIOSOL 2020 – Xullo e Agosto**

#### **CONCELLO DE VALDOVIÑO**

Segundo o recollido nas Ordenanzas Fiscais do Concello de Valdovíño, o pago deberá efectuarse **con carácter previo ao inicio da actividade**. Como máximo debe estar pagado nos primeiros 7 días do mes.

Efectuarase con carácter mensual mediante un dos seguintes procedementos:

#### **A) En EFECTIVO, por ingreso directo mediante carta de pago.**

Neste caso o usuario recollerá a carta de pago no Concello, logo procederá ao seu pago e entregará o xustificante do mesmo, co cuño do banco, no Concello.

#### **B) Mediante TRANSFERENCIA na súa banca electrónica.**

No caso de escoller esta opción deberá:

1º Facer o ingreso por banca electrónica/transferencia cada mes

2º Enviar o xustificante de pago desa operación de ingreso cada mes elixindo unha destas opcións:

- Enviando un correo á dirección de e-mail: [deportes@concellodevaldovino.com](mailto:deportes@concellodevaldovino.com)
- Entregallo impreso ó monitor/a da actividade
- Entregalo no rexistro do concello.
- Enviar o documento por wasap ó número: 626465531

Sinalar no CONCEPTO:

- **Actividade na que está inscrito.**
- **Nome e apelido do alumno/a**
- **Mes que paga.**

#### CONTAS ONDE SE PODE INGRESAR

- BANCO POPULAR (PASTOR): ES15 0238 8172 8606 6000 0173
- ABANCA: ES47 2080 0213 5431 1000 0026

É moi importante ademáis de facer o ingreso **entregar ou enviar o xustificante de pago**, no caso contrario no departamento de deportes non nos consta o mesmo.

**En caso de baixa na actividade** terá que **comunicalo con anterioridade ao fin de mes** para poder ofertar esa praza a outra persoa, de non facelo así seguirase a requirir o seu pagamento.

Non efectuar o pagamento poderá supoñer a baixa de oficio na actividade ademáis de poder esixirse o abono da débeda polo procedemento de apremio segundo o establecido no punto dous do artigo sétimo.